

LIBROS, CINE E MÚSICA PARA O NADAL Decembro 2018

Boletín de recomendacións dos IES da Estrada



NARRATIVA 1º CICLO



PALABRA DE BRUXA

Barreira, Andrea. Ed. Galaxia, colección Costa Oeste, 2018.
Unha novela que explora o mundo dos aquelarres e do papel das mulleres meigas no pasado para reflexionar arredor de como se construíu o mundo en desigualdade.



A BALADA DOS UNICORNIOS

Costas, Leticia. Ed. Xerais, Sopa de libros, 2017.
A Escola de Artefactos e Oficios acolle os mozos e mozas máis brillantes. Son capaces de crear casas motorizadas, sombreiros voadores e outras proezas abraiantes.



CHATARRA

Pádraig, Kenny. Ed. Bambú, 2018.
No período de entreguerras en Reino Unido desenvolveuse a construción de autómatas. Christopher é un mozo que traballa no obradoiro de Absalom, un enxeñeiro que fabrica estes monecos de forma ilegal, e descubrirá o pasado deste.

BANDA DESEÑADA 1º CICLO



LOS NIÑOS DE LA RESISTENCIA

VVAA. Ed. Base, 2017.
Un cómic de aventuras ambientado na ocupación nazi de Francia, galardoado no prestixioso Festival de Angoulême. É a historia de tres rapaces que viven nunha pequena vila e entran en contacto cun membro da Resistencia.



POESÍA 2º CICLO

APLICACIÓN INSTANTÁNEA

Negro, Carlos. Ed. Xerais, Fóra de xogo, 2018.
Con *Aplicación instantánea*, a poesía conecta de modo inmediato co sistema operativo das túas emocións. Con el terás acceso ilimitado ao universo afectivo da irreverencia.



CASI SIN QUERER

Defreds, José. Ed. Mueve tu lengua, 2015.
O amor é tan complexo como impredecible. Pero ao final o que máis valoramos son os detalles máis simples, os máis fermosos, os que chegan sen avisar.



NARRATIVA 2º CICLO

O QUE SEI DO SILENCIO

Maceiras, Andrea. Ed. Xerais, Fóra de Xogo, 2018.
Historia inspirada libremente nun suceso real, afonda dende voces diversas na xénese, desenvolvemento e consecuencias dun caso de acoso escolar.



SWEET SIXTEEN

Heurtier, Annelise. Ed. Milenio, 2017.
A obra baséase nunha historia real, a de nove rapaces e rapazas que acoden ao instituto Little Rock de Arkansas e que sofren toda unha serie de discriminacións por seren negros.

NARRATIVA 2º CICLO



UN BALCÓN A LA LIBERTAD

Huertas, Rosa. Ed. Santillana, 2018.
A morte dun familiar, o seu tío avó, esperta a curiosidade de Elena por saber quen era Libertorio Guerra, xa que ninguén na familia pronunciou xamais o seu nome.



A FILLA DO MINOTAURO

Aleixandre, Marilar. Ed. Galaxia, 2018.
Neste libro cóntasenos unha historia de aventuras sobre unha organización clandestina dedicada a salvar obras de arte.

BANDA DESEÑADA 2º CICLO



EL FOTÓGRAFO DE MAUTHAUSEN

VVAA. Ed. Norma, 2018.
Móstrase a vida de Francisco Boix e a súa repercusión na recente historia europea.




LIBROS, CINE E MÚSICA PARA O NADAL Decembro 2018

Boletín de recomendacións dos IES da Estrada




POESÍA-CÓMIC BACHARELATO E ADULTOS



O PUÑO E A LETRA

Castaño, Iolanda. Ed. Xerais, 2018. Primeira achega desta recoñecida poeta ao chamado cómic-poetry, interacción entre poesía e banda deseñada, que inaugura un camiño suxestivo e sedutor que leva aparelado canda si múltiples posibilidades de todo tipo.

NARRATIVA BACHARELATO E ADULTOS



A SOCIEDADE LITERARIA DO PASTEL DE PATACAS DE GUERNSEY

Shaffer, Mary Ann. Ed. Rinoceronte, 2016.

Unha escritora recibe a carta dun habitante de Guernsey comentándolle que chegou a el un libro que lle pertencera. A partir desta casualidade establecen unha relación epistolar.

FILMES



CAMPEONES

Película que nos fala de valores como a amizade, o compañeirismo ou a humildade, co deporte como instrumento para tratar de conseguir unha meta.

MÚSICA



SES



MARCH

VVAA. Ed. Norma, 2018.

Novela gráfica que mostra as vivencias dos afroamericanos dende os anos 50 ata a actualidade, na súa loita contra o segregacionismo.



LA URUGUAYA

Mairal, Pedro. Ed. Libros del Asteroide, 2017.

Un escritor que atravesa unha crise de parella viaxa a Uruguai para cobrar un diñeiro que lle envían dende o estranxeiro. A viaxe que se imaxinaba como unha experiencia pracenteira




LA TORTUGA ROJA

Película muda de animación sobre a necesidade de coidar o medio ambiente



A BANDA DA LOBA

NARRATIVA BACHARELATO E ADULTOS



SENLEIRAS

Yáñez, Antía. Ed. Galaxia, 2018.

A novela das mulleres que rachan co silencio. Unha influencer sobe unha foto ás redes sociais onde aparece unha man fantasma. Xusto unha semana máis tarde, a moza é atopada morta.



VERANO DE 1933

Frida (Laia Artigas), unha nena de seis anos, afronta o primeiro verán da súa vida coa súa nova familia adoptiva tras a morte da súa nai.

